

Representantes municipais celebran o 25º aniversario do Fondo Galego de Cooperación

Os discursos e recoñecementos mesturáronse con lembranzas e emocións no acto celebrado en Nigrán, onde se puxo en valor aos concellos fundadores

Nigrán, 22 de outubro de 2022. Preto dun cento de representantes de concellos galegos e caboverdianos, da administración central e autonómica e de organizacións da sociedade civil, entre outros, conmemoraron onte venres o 25º aniversario do [Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade](#) na Residencia de Tempo Libre de Panxón, no Concello de Nigrán, onde se xestou esta rede concellos e deputacións. Baixo o lema **#oglobalélocal**, celebrouse un gran acto conducido pola actriz Diana Sieira no que se combinaron os discursos e recoñecementos con lembranzas e emocións, alén da música galega e africana.

O alcalde de Nigrán e presidente do Fondo Galego, Juan González, foi o encargado de dar a benvinda ao evento, no que definiu á asociación municipalista como “un espazo compartido que **democratiza a participación de todas as administracións locais** galegas en materia de cooperación ao desenvolvemento, dándolle coherencia, continuidade, coordinación e **proxectando tamén a Galicia no exterior**”. Tomoulle o relevo o director do Instituto Galego de Análise e Cooperación Internacional, Daniel G. Palau, para quen “estes esforzos de base local son a **esperanza para a acadar un futuro diferente** no medio das crises actuais”.

Os países do Sur estiveron representados por Herménio Fernandes, presidente da Asociación Nacional de Municipios Caboverdianos, coa que se cumpren “[vinte anos de colaboración](#) nos que se executaron **máis de trinta proxectos que melloraron tanto as condicións de vida** das persoas como as capacidades da administración local”, dixo. Pola súa banda, o director xeral de Relacións Exteriores e coa UE, Jesús Gamallo, indicou que “o traballo do Fondo Galego permite **concretar os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible**” e lembrou que a Xunta de Galicia está a apoiar a localización dos ODS. Do mesmo xeito, a subdelegada do Goberno en Pontevedra, Maica Larriba, apuntou que “a cooperación e a solidariedade van no noso ADN” e reafirmou o compromiso cos países máis desfavorecidos.

Tras os discursos institucionais, tivo lugar a entrega de **recoñecementos aos concellos fundadores** e ás entidades que apoiaron a constitución do Fondo Galego, como o IGADI, a propia Xunta ou a Federación Galega de Municipios e Provincias. “Vós **destes forma aos ODS e puxésteos na nosa axenda** hai un cuarto de século, cando o interese do mundo ía en dirección oposta” afirmou o presidente da FEGAMP, Alberto Varela. Tamén subiron ao



estrado representantes dos concellos de **Allariz, Arteixo, O Carballiño, Corcubián, Culleredo, Fene, O Irixo, Moaña, Nigrán, Porto do Son e Oleiros**. Un dos momentos máis emotivos da xornada chegou coas palabras da concelleira de Cooperación deste último municipio, Marga Figueroa, quen lembrou con agarimo ao tamén edil e presidente do Fondo Galego durante catorce anos, [Alfredo Novoa](#), finado no mes de febreiro.

O evento, que contou coa música galega de **Leni Pérez e Roberto Comesaña** e mais cos ritmos angolanos de **Alberto Mvundi**, pechouse cun vídeo no que municipios e organizacións de distintos países enviaban parabéns ao Fondo Galego e coa entrega de agasallos ás persoas asistentes. Entre eles, unhas bonecas elaboradas de xeito artesanal por mulleres mozambicanas e árbores autóctonas cedidas pola Escola de Capataces Forestais de Lourizán (Pontevedra), que agora cadaquén terá que plantar e coidar.

O Fondo Galego

O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade está integrado por 100 concellos e as deputacións de Pontevedra, A Coruña e Lugo, que concentran a través desta rede os seus esforzos no eido da cooperación ao desenvolvemento. Garántese deste xeito unha xestión profesional e transparente, así como a realización de proxectos con impacto nos países do Sur Global e a sensibilización da sociedade galega a prol da solidariedade internacional. **Recoñecido como axencia municipal da cooperación galega**, o Fondo Galego chega ao seu 25 aniversario tendo desenvolvido preto de 200 proxectos en máis de 30 países e promovendo numerosas actividades e materiais en relación aos desequilibrios Norte-Sur.

+info: <https://fondogalego.gal/o-fondo-galego-de-cooperacion-conmemora-os-seus-25-anos-cun-gran-acto-de-reconecemento/>

ÁREA DE COMUNICACIÓN
Carmen Novas 604 040 890
comunicacion@fondogalego.gal

